

# José Díaz

Produtor artístico

0034 687 47 39 94

jose.diaz@fosforo.gal



Natural da Coruña.  
Nacido en outubro do 76.  
Na actualidade resido en  
Santiago de Compostela

## FORMACIÓN

**Técnico Superior en Producción de Cine, TV, Espectáculos e Radio.**

1998-2000 - Escola de Imaxe e Son da Coruña

## EXPERIENCIA

### FÓSFORO. 2019 → 2024 PROXECTO PROPIO

· Director e xerente do estudo de creación artística Fósforo, Arte & Cultura, onde deseñamos e desenvolvemos proxectos culturais con fines sociais, educativos e de turismo sostible. Destaco as seguintes producións propias:

· **2024 - OS ANDARES** - Serie de 6 episodios de viaxes sonoras polos Ancares lucenses. Dir: Iria Azevedo, José Díaz e Marcos Ptt. Guión: Iria Azevedo, José Díaz, Clara Gayo, María Lado, Avelina Pérez e Marcos Ptt. // [osancares.gal](https://osancares.gal)

· **2023 - 5x5** - Creación de 5 aulas interxeracionais de teatro en 5 vilas do rural galego durante 5 meses, rematando coa produción dun espectáculo semiprofesional en cada unha delas e unha Mostra Itinerante cun total de 15 representacións.

· **2019 - CHÁ SUMMER SCHOOL** - Campamento teatral internacional para adolescentes ao abeiro do Camiño de Santiago que durante 10 días reuniu a alumnado e mestres de teatro de escolas de Escocia, Italia, Portugal e Galicia en Vilalba.

### CENTRO DRAMÁTICO GALEGO. 2007 → 2023

· Produtor asistente e Produtor en xira para o Centro Dramático Galego en 6 ocasións: **"A boa persoa de Sezuán"** (2007, dir: Nuno Cardoso), **"A ópera dos 3 reás"** (2011, dir: Quico Cadaval), **"Martes de Carnaval"** (2017, dir: Marta Pazos), **"Divinas palabras"** (2018, dir: Xesús Ron), **"Shakespeare en Roma"** (2023, dir: Rui Madeira, Xulio Lago, María Barcala, Sara Rey, Quico Cadaval) e **"Un hotel de primeira sobre o río"** (2023, dir: María Torres e Gonçalo Guerreiro).

### VOADORA. 2007 → 2022 PROXECTO PROPIO

Socio fundador e produtor de VOADORA, compañía referente da creación escénica contemporánea nacional. Ademais dunha constante actividade como creador, intérprete e músico, fun responsable único da produción, xestión e distribución, así como do departamento audiovisual.

Desde esta estrutura o meu obxectivo foi sempre explorar novas formas de produción artística, creando pontes entre creadorxs e estruturas públicas ou privadas para a produción dunha arte arriscada. Acompaño cada proxecto desde a ideación ata o final da exhibición.

Nos 15 anos de actividade fun o máximo responsable da produción de 22 espectáculos (11 de eles coproducións internacionais con estruturas de Francia, Portugal, Chile e Brasil) e da coordinación de máis de 800 representacións por España, Portugal, Francia e Alemaña.

No que respecta ás creacións desenvolvidas desde Voadora destacaríase as seguintes:

- **"Garage"**, coprodución Voadora con MA Scène Nationale de Montbéliard que reflexiona sobre o papel da muller na industria do motor. En escena, ademais do elenco de actores, bailaríns e músicos participaban 8 traballadoras da industria do motor sen experiencia escénica. A creación e estrea desenvolveuse en Francia, para o cal desprazamos a un equipo de 8 persoas durante 5 semanas para traballar directamente con operarias da fábrica orixinal de Peugeot. A posterior xira por España, incluídas 2 semanas na sala principal do Teatro Vallé-Inclán do Centro Dramático Nacional, realizouse con operarias da Citroën de Vigo.
- **"A amnesia de Clío"**, primeira ópera galega de grande formato desde hacía máis dun século, cun equipo de máis de 100 persoas. Tras 2 anos de búsqueda de financiamento, finalmente é producida por Voadora en coprodución e/ou co apoio das seguintes institucións: Consellería de Cultura - Xunta de Galicia, Excmo Concello da Coruña, Excmo Concello de Santiago de Compostela, Excmo Concello de Ourense, Centro Dramático Galego, Real Filharmonía de Galicia, Consorcio de Santiago de Compostela, Asoc. Amigos da Ópera de Santiago, Fundación SGAE, Fundación BBVA e CRTVG.
- A trilogía shakespeariana ao longo dunha década, formada por **"A tempestade"** (2014), **"Soño dunha noite de verán"** (2017) y **"Othello"** (2021). Espectáculos de grande formato pensados para facer xiras extensas dos que fun produtor principal pero para os que precisei buscar importantes apoios externos en fórmula de coprodución: Teatro Nacional Sao Joao (Porto), Festivais Gil Vicente (Guimaraes), Festival de Almada, Malverde Producoes (Brasil), Iberescena, Mit de Ribadavia, Teatro de la Abadía e as compañías Marco Layera (Chile) e Teatro Bruto (Portugal).
- **"Don Juan"** (2015), versión libre do texto de Molière. Interpretado por 22 persoas maiores de 65 anos da mesma localidade onde se fixese a representación, e que xirou por España, Francia e Portugal, o que implicaba o desprazamento de todo o equipo artístico e técnico da compañía de 3 a 5 semanas para cada unha das funcións
- Voadora ha sido reconocida con el Premio de la Crítica de Galicia en el que el jurado destaca *"el trabajo realizado por la búsqueda de nuevos públicos, por las nuevas formas de producción y por la capacidad de unir diferentes sistemas culturales tendiendo puentes. Pero también por la capacidad de asumir riesgos"*.

## OUTROS TRABALLOS DE ARTES ESCÉNICAS

- Produtor e distribuidor da compañía **Diego Anido**, co que traballei en 3 montaxes: **"El Alemán"**, **"Symon Pédicry"** e **"O Deus do Pop"**. Nesta última tamén como apoio á dramaturxia e música.
- Dramaturgo e compositor de **"Twist"**, produción bianual do Teatro Circo Price de Madrid, estreado o 14 de outubro de 2022, dirixido por Marta Pazos, para o cal, ademais da co-creación da dramaturxia, compuxen e escribín 13 cancións para a banda en directo.
- Como dramaturgo, tanto dentro como fóra de Voadora, escribo ou co-escribo un total de 10 obras teatrais levadas á escena por distintas compañías: "Super8", "Tokio 3", "Sapiens, Sapiens, Sapiens", "Calipso", "Hemos venido a darlo todo", "Happy end", "Joane", "Twist", "Waltz" e "Entre platos".
- Produtor executivo de **"Je Suis Narcissiste"**, ópera contemporánea. **Finalista a Mellor Estrea Mundial nos International Opera Awards 2020**. Coprodución do Teatro Real, Teatre Lliure, Teatro Español e Ópera de Butxaca, acompañando tamén as representacións como produtor técnico en Madrid, Barcelona e Sevilla.
- Desde hai 20 anos desenvolvo en paralelo unha carreira como compositor e letrista, realizando música para 30 espectáculos, polos que gañei en 2 ocasións o Premio María Casares de Teatro á Mellor Música Orixinal.
- Desde hai 10 anos manteño unha actividade constante como docente con diversos cursos e workshops centrados na produción artística e produción escénica, que desenvolvo en diversos espazos públicos e privados como a **ESMAE** (Escola Superios de Música e Artes Escénicas de Porto, Portugal), **Escola da Jobra** (Abeiro, Portugal), **Centro Dramático Nacional, Escola Unitaria, Deputación de Lugo, Aula de Teatro da USC** ou **El Palomar** (Málaga)

## EXPERIENCIA AUDIOVISUAL

**2021** - Director de produción da serie de 3 spots "**Don't be a guiri**" dirixido por Jorge Cassinello, con Luis Zahera, Antonio Durán "Morris", Manuel Manquiña e Camila Bossa entre outros para Tamboura Producciones.

**2021** - Director e produtor do vídeo corporativo e de promoción europea do **Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes** da Universidade de Santiago para Tamboura Producciones.

**2019** - Guionista, director e produtor da creación "**Soy una humana**" para a "Ventana Abierta" do Centro Dramático Nacional

**2018** - Guionista e compositor da gala **Mestre Mateo 2018** para a Academia do Audiovisual Galego e Televisión de Galicia, para a cal tamén realicei o vídeo de presentación e os contidos audiovisuais escenográficos.

**2014** - Director e produtor da gala de **Premios María Casares 2014** para a AAAG e a Televisión de Galicia.

**2004-2009** - Guionista, director e produtor de 5 curtametraxes entre as que cabe destacar o Premio do Público no Festival de Cans e Premio do Público no Festival de Curtas de Sada por "**Instalación**" (2009), e o Premio Compostela Ródase dentro do Festival Curtocircuito e Primeiro Premio do Festival Expresa de Málaga por "**Coco e Bobo**" (2004)

**2001-2007** Director de produción durante 6 anos da productora de infografía **TRESESEOS ANIMACIÓN** especializada en publicidade, animación para efectos visuais, deseños de posproducción para televisión e arquitecturas infográficas.

**2001** Director de produción de diversos videoclips para a productora coruñesa **ESFEROBITE**, entre os que cabe destacar "**No sé qué me das**" de Fangoria, Premio MTV España e número 1 nos 40 Latinos, ou "**Eternamente inocente**" tamén de Fangoria,

**2000** - Axudante de produción da serie de ficción "**Un mundo de historias**" de Pórtico de Comunicaciones para Televisión de Galicia, con 6 meses de rodaxe e máis de 70 localizacións naturais.

## OUTROS DATOS

### Software

VÍDEO	Adobe Premiere
AUDIO	Adobe Audition, Ableton Live, Garage Band
DESEÑO	Adobe Photoshop, Adobe InDesign
PRODUCCIÓN	Adobe Acrobat Pro, Open Office

### Idiomas

GALEGO	Nativo
ESPAÑOL	Nativo
PORTUGUÉS	Alto falado e escrito
INGLÉS	Medio falado e alto escrito
ITALIANO	Nocións

Carné de conducir B1, coche propio e experiencia en condución de vehículos de carga ata 3.500 kg

### Outros datos de interese

Cursados 3 anos da Licenciatura de Matemáticas na Universidad de Santiago de Compostela

Múltiples cursos de fotografía (revelado, B/N, color, cibachrome, iluminación en plató, retratos, cámaras de gran formato...) e experiencia laboral como fotógrafo nas revistas GAM e GONGH.